




A Jose, o meu irmán: grazas pola túa paciencia e por apoiarme sempre.
Quéroche!

Alicia

A todos os que habitan a miña árbore e que me acompañan; por veces
en silencio, por veces ás gargalladas.

Marisa

Déixame en paz!

Colección Miau
Primeira edición: outubro 2024

Título orixinal: *¡Déjame en paz!*

© Ediciones Jaguar, 2024
C/ Peñuelas 26 C. Local 17-18. 28005 Madrid
www.edicionesjaguar.com

© Texto: Alicia Acosta, 2024
© Ilustracións: Marisa Morea, 2024
© Tradución: Vanesa López, 2024

 edicionesjaguar  edicionesJaguar
 ediciones_jaguar  Ed_Jaguar


Thema: YBC
ISBN: 978-84-10208-21-6
Depósito legal: M-17100-2024
Impreso en España

TODOS OS DEREITOS RESERVADOS
Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode realizarse coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei.
Dirixase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Déixame en paz!

Alicia Acosta

Marisa Morea



miau

Tico e Tuco vivían na selva, nunha árbore enorme, cunha morea de animais.
Tuco era moi tranquilo: gustáballe o xadrez, ler, facer ioga, durmir ata tarde...



Pero, **Al**, Tico xa era un capítulo á parte.
Gustáballe o barullo, xogar á pita, bañarse no río,
facer carreiras de liana en liana...

—Tucooo! —gritou aquel día Tico desde a outra punta da árbore—. Abúrroomeee! Xogamos á pita!

—Non me apetece, Tico! Encántame este libro —respondeu Tuco sen deixar de ler.



Mais Tico no lle fixo caso. Gabeou ata a póla máis alta, xusto á que subira Tuco para que non o amolasen e... Vaia, **HO!** Co peso de Tico a póla dobrou e dobrou ata que...

—AHHHHHH! —escoitouse.

Tuco saíu voando polos aires coma un foguete, mentres que o pobre libro acabou no medio dunha caca enorme.

—Tico, **déixame en paz!** —dixo Tuco mentres tocaba o croque que lle saíra na testa. Parecía un unicornio!

